



CIRCULAR INFORMATIVA 25/2025

1. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADORES CONCURSAIS 2026

Coma cada ano, antes do 31.12.2025 o Colexio da Avogacía remite aos xulgados do Mercantil da Coruña unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como administradores concursais.

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 10.12.2025, ás 14.00 h**, para que os colexiados e as colexiadas interesadas poidan solicitar por escrito ante a secretaría do Colexio a súa inclusión nesta lista. As solicitudes poderán remitirse á conta: registro@icasantiago.org

Os colexiados e colexiadas que figuraban de alta na lista do ano anterior continuarán de forma automática na lista que se elabore para o 2026, salvo que comuniquen a súa baixa por escrito.

Os requisitos de acceso á lista son os seguintes:

- Ser letrado/a exercente.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
- Dispoñer de alta no seguro de responsabilidade civil coas coberturas esixidas pola Lei concursal

As sociedades profesionais que soliciten a alta nesta lista deberán cumprir os requisitos previstos na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, así como o aplicable na Lei concursal.